



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2015.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as DOCE HORAS e CUARENTA e CINCO do día VINTE DE OUTUBRO DE DOUS MIL QUINCE, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde KLAUS BREY MONTAÑA e os concelleiros ANA LUISA GONZALEZ COSTA, JESUS TABOADA LAZARA e MARIA JOSE FERNANDEZ RODRIGUEZ. Asiste igualmente a concelleira PILAR PEÓN IGLESIAS.

Secretario da Corporación: MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2º.- ACORDO DE PAGO DO 26,23 % DA PAGA EXTRA DO 2º SEMESTRE DO 2012, A VISTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA-FINANCIERA MUNICIPAL, EN APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEY 10/2015. RECOÑECIMENTO DE DÍAS LIBES POR ASUNTOS PROPIOS.
- 3º.- LICENCIA DE OBRA. ! R.F.A. PARA CAMBIAR O MATERIAL DA CUBERTA DO TANATORIO.
- 4º.- CONVENIO PARA O PAGO DO IBI DUNHA PARCELA CEDIDA EN USO.
- 5º.- F. G. G. RENUNCIA A TRAMITACIÓN DE LICENCIA DE OBRA MENOR E INTERESA REINTEGRO DOS IMPOSTOS PAGADOS.
- 6º.- RECLAMACIÓN DE DANOS DE J.T.F. SOUTO Nº 4, LARO, SILLEDA, POR "UN GOLPE NUN MURO DE PEDRA", NA FINCA Nº 554 DE TABOADA.
- 7º.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA RÚA RAMÓN DE VALENZUELA EN BANDEIRA (SILLEDA) E SOLICITUDE DE FINANCIACIÓN A DEPUTACIÓN.
- 8º.- URBANISMO. LICENZAS

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a Acta da sesión do 13 de Outubro de 2015.

2º.- ACORDO DE PAGO DO 26,23 % DA PAGA EXTRA DO 2º SEMESTRE DO 2012, A VISTA DA SITUACIÓN ECONÓMICA-FINANCIERA MUNICIPAL, EN APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEY 10/2015. RECOÑECIMENTO DE DÍAS LIBES POR ASUNTOS PROPIOS.

Dáse conta do análise de Intervención da situación económica-financiara municipal,

a efectos da posibilidade de pago do 26,23 % da paga extra do 2º semestre do 2012, que se transcribe:

""OBJECTO: situación económica-financiera municipal, a efectos da posibilidade de pago do 26,23 % da paga extra do 2º semestre do 2012

Documentación e lexislación:

-Liquidación, Conta Xeral do 2014 e Orzamentos do 2015.

-Real Decreto-ley 10/2015, de 11 de setembro, por el que se conceden créditos extraordinarios y suplementos de crédito en el presupuesto del Estado y se adoptan otras medidas en materia de empleo público y estímulo de la economía.

Partindo da documentación e o RDL 10/2015 anteditos, o informe sobre a situación económica-financiera municipal é o seguinte:

I.- ANALISE DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO DO 2014

1ª .- RESULTADO ORZAMENTARIO. O resultado orzamentario do 2014 é notoriamente positivo xa que os dereitos recoñecidos acadaron os 7.148.820,90 € e as obrigas supuxeron 6.495.026,66, cun balance total de + **613.794,24**, -co axuste de desviacións de financiamento de -40.000-, cantidade que ilustra que o Concello tivo un nivel de obrigas que se puideron cubrir dun xeito amplo, con moito marxe, cos dereitos liquidados axustados, en canto o exercicio do 2014, sen computar os pechados (que contrasta cos +35.000 do 2013).

2ª .- AFORRO NETO, CARGA FINANCEIRA, DÉBEDA VIVA. O aforo bruto é positivo, + 299.364,19 €, quedando o neto en + 174.102,87 € (no 2013 foi negativo en - 254.574,17 €).

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	4.655.573,42 €
- Dereitos recoñecidos correntes (Cap. 1 a 5) 1.704.179,60 + 35.330,17 + 442.620,26 + 2.472.559,32 + 884,07 = 4.655.573,52 €	
- Menos: Contribucións especiais. Outros ingresos non correntes	0 € 0€
- Total Dereitos Correntes Axustados 2.029.066,08 + 1.988.573,47 + 108.299,38	4.655.573,42 €
2. OBRIGAS CORRENTES AXUSTADAS	4.125.938,93 €
- Obrigacións Recoñecidas Correntes (Cap. 1,2, 4) -2.029.066,08 + 1.988.573,47 + 108.299,38 = 4.125.938,93.	
- Menos: Capítulo III Gastos correntes	- 230.270,30 €
- Menos: Obrigas recoñecidas cap. 1 a 4 (modificación crédito financiadas con RLTTG)	
- Total Obrigacións Correntes Axustadas	
3. AFORRO BRUTO (1-2)	+ 299.364,19



4. ANUALIDADES TEÓRICAS DE AMORTIZACION	
PRESTAMOS VIXENTES	- 125.261,32
5. AFORRO NETO (3-4)	+ 174.102,87 €

A diferenza é positiva entre dereitos e obrigas recoñecidas correntes, o aforro bruto, + 299.364,19 que se minora ao restarlle a anualidade actual de amortización dos préstamos vixentes, na hipótese que se concertaran por esa cuantía. Así, pasouse de -334.324,51 € de aforro bruto negativo na Liquidación do 2013 a + 299.364,90 positivo na actual do 2014.

A carga financeira, 327.717,67 (198.263,65 de amortizacións e 129.454,02 de intereses), representa un 7,04 % sobre os ingresos correntes liquidados (4.655.573,42 euros).

A débeda viva ascende a 3.046.602,04 € (2.723.375,67€ con bancos, a largo prazo -incluída débeda ICO- e 323.226,37 con entes públicos). O porcentaxe da débeda viva sobre os dereitos liquidados é do 65,44 %.

DESGLOSE DO CAPITAL PENDENTE DE PAGO CON BANCOS E ENTES PUBLICOS		
BANCO/ENTIDADE	PENDENTE A 31-12-2013	PENDENTE A 31-12-2014
BANCO CREDITO LOCAL	725.649,77	672.875,25
CAIXA NOVA	1.040.578,88	966.114,67
ICO RD 4/2012. Plan Axuste	1.117.396,62	1.047.559,34
ICO RD 4/2012	38.014,05	36.826,11
SUBTOTAL/ENTIDADES BANCARIAS	2.921.639,32	2.723.375,67
DEVOLUCION P.I.E. 2009	236.808,04	207.207,04
DEVOLUCION P.I.E. 2008	132.593,49	116.019,33
SUBTOTAL/ENTES PUBLICOS	369.401,53	323.226,37
TOTAL CAPITALES	3.291.040,85	3.046.602,04

A débeda viva ascende a:

Préstamos bancarios a largo prazo, incluído préstamo ICO, 1.047.559,34	2.723.375,67
Operacións de Tesourería 429.438,81, con renovación anual	
Outras Débedas (Entes Públicos)	323.226,37
Total débeda viva préstamos bancarios largo prazo	2.723.375,67
Total (Con entes públicos)	3.046.602,04

Total largo e cutro prazo	3.152.814,48
---------------------------	--------------

3ª.- **SUPERAVIT.** O Remanente de Tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2014 é POSITIVO, +196.112,88 €, mais salientable si lembramos a evolución: 2012 negativo en - 635.513,47 €, 2013, negativo: - 396.327,10.

EVOLUCIÓN 3 ULTIMOS EJERCICIOS	
ANO	DEFICIT/SUPERAVIT
2012	- 635.513,47 €
2013	- 396.327,10 €
2014	+196.112,88 €

II.- ANALISE DA EVOLUCIÓN ORZAMENTARIA DO EXERCICIO DO 2015

1º.- PREVISION ORZAMENTOS 2015.

Os Orzamentos presentan unha situación equilibrada, cunha suma dos ingresos ordinarios previstos por importe de 5.816.273,39 €, que cobren os gastos de persoal, os fixos/ordinarios, e a carga financeira por un total de 5.350.223,20 €, deixando un saldo positivo de + 616.953,61 €, que permiten financiar un fondo para contingencias de 80.000 € e gastos de investimento por 1.122.776,80 €, coa apartación de 656.726,19 € de transferencias de capital.

2º.- EVOLUCION ORZAMENTARIA.

A data de hoxe, a evolución da execución orzamentaria segue as previsións marcadas, sen que exista desviación salientable. Extrapolando a 30-12, cun nivel de execución superior ao 90 %, no Cap. VI se cumpre segundo o programado, quedando unicamente a partida de 250.000 da Residencia 3ª Idade sen executar; igualmente nos Caps. III e IX; no II hai algunhas desviacións, que en principio se cubrirían con outras do mesmo Capítulo e no I tamén se mantén a liña prevista. E resta a partida do Fondo Contingencias -80.000 €- sen dispoñer dela. En definitiva, ningunha desviación nas previsións do Orzamento de 2015. Aludir así mesmo o bo nivel de tesourería, cunha flutuación anual entre un mínimo de 580.000 € e un máximo de 930.000 €, co engadido que se da circunstancia de que o Concello adiantou o pago de 400.000 € de subvencións da Deputación para investimentos, que están pendentes de ingreso a día de hoxe, que incrementa ese nivel de liquidez.

O custe do 26,23 % da paga extra do 2012 ascende a 19.750 €, que se pode financiar cos fondos do Capítulo I, sen necesidade de ter que facer transferencia de crédito.

III.- REFERENCIA E VINCULACION DA DEBEDA DE CAMPOMARZO COA DE INDEZA.

De cara aos vindeiros Orzamentos de 2016 o Concello establecerá unha vinculación entre a débeda a favor de 526.759,81 € de Campomarzo coa de 528.835,15 € de INDEZA en contra. De tal xeito que o ingreso de calquera cantidade de Campomarzo se adicará específica e directamente a pagar a INDEZA.

Procede lembrar o acordo plenario de 24 de Setembro, ratificando o previo da XGL, no que afínxe a débeda concreta de Campomarzo, que se transcribe:



""Apartado A. Reclamación previa (3ª) a vía executiva. (Último requirimento de data 04-12-2014, acuse de recibo de Correos)

- **TRASLADAR O ULTIMO REQUIRIMENTO DE PAGO**, previo a dictar providencia de apremio, a empresa **EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K**, adjudicataria do servizo público da explotación dun vertedoiro para escombro de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa e o Concello en data 23 de Maio de 2002, o canon dos anos 2005/2007, coa advertencia de que, en caso de impago, se procederá pola vía executiva, con remisión a ORAL para o seu cobro, de acordo coas cantidades e conceptos que se citan a continuación:

Ano	Principal Pendente	Recargo de apremo 20.0%	Interés de demora	
2005	4.364,54	872,90	970,46	6.207,90
2006	26.869,70	5.373,94	9.281,09	41.524,73
2007	121.082,61	24.216,52	35.772,41	181.071,54
TOTAL	152.316,85	30.463,37	46.023,96	228.804,18

Apartado B. Liquidación canon/Reclamación de pago.

- **REQUIRIR a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K** -adjudicataria do servizo público da explotación dun vertedoiro para escombro de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa e o Concello en data 23 de Maio de 2002-, as liquidacións correspondentes ao canon dos anos 2008/2011, segundo declaración de toneladas verquidas de data 17 de Decembro, rexistrado na Subdelegación Goberno de Pontevedra e rexistro entrada municipal nº 3585, de 22 Decembro 2014, de acordo co cadro que segue:

Ano	Principal Pendente
2008	77.805,00
2009	92.876,37
2010	58.272,62
2011	69.001,64
TOTAL	297.955,63

Transcripción do acordo previsto para os Orzamentos do 2016:

- Reclamación do canon en vía executiva polos anos 2005/2007 e liquidación ordinaria polo período 2008/2011 a empresa **EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, NIF 35217805-K**, en concepto de canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombro de construción e demolición, en terreos municipais, segundo contrato suscrito entre a empresa - adjudicataria do servizo público- e o Concello en data 23 de Maio de 2002,

Cos dereitos recoñecidos que supón ese canon, se creará unha partida de gasto coa "Débeda recoñecida xudicialmente a INDEZA" por importe de 528.835,15 € coa condición expresa de que queda vinculada a que se executen eses ingresos (Base Adicional das Bases Orzamentarias).

Base Adicional das Bases do Orzamento de 2016

339.00	Canon municipal pola explotación dun vertedoiro para escombros de construción	526.759,81 €
920.226.99	Débeda recoñecida xudicialmente a INDEZA	528.835,15 €

A débeda municipal de Campomarzo seguirá previsiblemente o camiño dos Tribunais, salvo un acordo de compensación coa de Indeza que defendemos, aínda que o Concello procederá de seguido a tramitela pola vía executiva co conseguente embargo dos activos da empresa. Contando cun pago a 4 anos -coa observación anterior-, se inclúe nos Orzamentos unha previsión de 132.08,79 €, polo tanto, coa contrapartida de idéntica situación en ingresos a conta da de Campomarzo. En todo caso, logo de liquidar un volume importante de débedas atrasadas nestes últimos 4 anos, esta problemática INDEZA/CAMPOMARZO constitúe o maior problema nese senso para o Concello, pola súa cuantía e complicacións legais.

IV.- CONCLUSION

Partindo dos datos expostos, se considera que a economía municipal se atopa en boa situación, nos termos previstos no RDL 10/2012, en canto ao fin das posibilidades de pago do 26,23 % da paga extra do 2012, sen esquecer a xustiza e legalidade que lle corresponden aos traballadores públicos con esta restitución, en opinión do técnico que subscribe, razóns pola calles se **INFORMA FAVORABLEMENTE** ese abono con cargo aos créditos orzamentarios do vixente exercicio e antes do remate deste ano 2015.

Este é o informe que emito segundo o meu leal saber e entender. SILLEDA, 19 de Outubro de 2015. Asinado O Interventor."

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de Intervención, por unanimidade,

RESOLVE

1º.- Acordar o pago do 26,23 % da paga extra do 2º semestre do 2012 na nómina de Outubro, a vista da situación económica-financieira municipal positiva, en aplicación do Real Decreto-ley 10/2015.

2.- Recoñecer os días libres por asuntos propios os traballadores municipais, de acordo co sinalado no art. 2, punto 4, apartados 1, 2 e 3 do Real Decreto-ley 10/2015.

3º.- LICENCIA DE OBRA R. PARA CAMBIAR O MATERIAL DA CUBERTA DO TANATORIO. R.F.A.

A Xunta de Goberno Local de 13-10-2015, sobre a solicitude desta licenza, acordou:

"VISTA a solicitude de licenza de obras para "traballos de mantemento e conservación" do Tanatorio, consistente en cambio do material da cuberta, cun orzamento de 31.522.25 €, solicitado por R.F.A.

VISTO que se trata dunha obra menor e de seguridade da edificación -o cambio de material da



cuberta-, para o que non existe problema algún, pero, logo de revisar o expediente anterior de construción do Tanatorio, consta un informe técnico de 27 Agosto 2004 no que se fai constar que ten autorización previa tanto municipal coma da Xunta (por tratarse de solo non urbanizable), sendo a última a da Xunta de Goberno de data 22-Junio-1998, no que se lle advirte expresamente que logo desa autorización deberá solicitar a licenzia de obra, estrictu senso, sen que conste esa licenzia posterior nin a de apertura de establecemento.

Considerando esa carencia de licenzias de obra e apertura, si a construción se fixo de acordo ao establecido na autorización previa será legalizable, pero deberá presentar o oportuno expediente de legalización acompañado dun Proxecto de Obras da construción realmente existente, a tal fin.

SE ACORDA:

1. REQUIRIR a *R.F.A.* para que presente o oportuno expediente de legalización acompañado dun Proxecto de Obras da construción realmente existente do Tanatorio de Silleda, diante da carencia de licenzias de obra e apertura de dita instalación, con carácter urxente, para poder conceder a licenzia interesada."

O interesado alega en data 16 Outubro que xa presentou esa documentación, segundo consta na sesión da XGL celebrada o día 25-II-2015 con motivo do cambio de titularidade da actividade a favor de ALBIA GESTIÓN DE SERVICIOS, S.L.. do titular anterior. Efectivamente se comproba a veracidade do exposto, polo que procede a concesión da licenzia interesada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

- CONCEDER Licenzia de Obra a *R.F.A.* para cambiar o material da cuberta do Tanatorio, previa liquidación das taxas municipais.

4º.- CONVENIO PARA O PAGO DO IBI DUNHA PARCELA CEDIDA EN USO.

Visto o escrito asinado por *J.P.M.*, NIF nº ; alegando que segundo o Convenio suscrito co Concello pola cesión de uso dunha parcela para aparcamento a cambio de facerse cargo do IBI, reclama esa cantidade do IBI do 2010 ao 2015 .

Unha vez constatados parcialmente os datos citados, vista a documentación aportada, se acorda:

- Reintegrar a *J.P.M.* NIF nº segundo o Convenio suscrito co Concello pola cesión de uso dunha parcela para aparcamento a cambio de facerse cargo do IBI, correspondente aos exercicios posteriores a sunatura do Covenio no 2012, ou sexa parte proporcional do 2012 e 2013 a 2015, previa xustificación documental.

5º.- F.G.G. **RENUNCIA A TRAMITACIÓN DE LICENCIA DE OBRA MENOR E INTERESA REINTEGRO DOS IMPOSTOS PAGADOS.**

VISTO o escrito asinado por F.G.G. comunicando a renuncia a tramitación de licencia de obra menor solicitada en data 31 de Xullo de 2015 para reforma de coberta en Ansemil nº 7, Silleda, e interesando reintegro dos impostos pagados.

Se acorda:

- Desestimar a devolución do ICIO xa que, de acordo co informe do secretario, non procede por tratarse dun imposto de obrigatoria e imperativa liquidación no momento da solicitude, independentemente de que a obra se execute ou non, segundo unha xa consolidada xurisprudencia.
- Estimar a devolución da taxa administrativa por non tratarse dun imposto.

6º.- J.T.F. **RECLAMACIÓN DE DANOS DE Nº 4, LARO, SILLEDA, POR "UN GOLPE NUN MURU DE PEDRA", NA FINCA Nº 554 DE TABOADA.**

VISTO o Informe da Policía Local indicando que non existe a máis mínima constancia de que a pedra que se atopa "desencaixada" do seu lugar fora ocasionado por traballadores municipais,

Se acorda:

- DESESTIMAR de plano tan inustificada reclamación, ademais da carencia de proba algunha, como pon de manifesto a Policía.

7º.- **APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA RÚA RAMÓN DE VALENZUELA EN BANDEIRA (SILLEDA) E SOLICITUDE DE FINANCIACIÓN A DEPUTACIÓN.**

Informados do acordo entre Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda para a execución do investimento denominado **Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en Bandeira (Silleda)**, aplicando o remanente da obra que quedou sen adxudicar ao abeiro do plan de investimentos da Deputación de Pontevedra no ano 2012,(PID/2012) denominada Instalación de elevador na casa de cultura de Silleda,

Se acorda:



- 1.- Realizar o investimento denominado Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en Bandeira (Silleda)
- 2.- Aprobar o proxecto denominado Mellora da eficiencia enerxética na Rúa Ramón de Valenzuela en Bandeira (Silleda)
- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 31.182,80 € con cargo ao referido convenio.
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega.
- 5.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

8º.- URBANISMO. LICENZAS

8.1. *R. R. R.* os. Execución de cuberta de edificio na Rúa Venezuela, nº 56, Silleda

Vista a solicitude de licenza, presentada por *R. R. R.* os, Rexistro de Entrada nº 2952 de data 26 de xuño de 2015, para execución de cuberta de edificio na Rúa Venezuela, nº 56, Silleda.

Visto o informe emitido o 15 de outubro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*Solicitante: *R. R. R.*
Data de rexistro: 26.XUÑ.2015 Nº: 2952 Data escrito: 26.XUÑ.2015
Solicitude: Execución de cuberta de edificio
Tipo de Solicitude: Obra Maior
Emprazamento: Rúa Venezuela, nº 56, Silleda
Referencia catastral: 2080002NH6228S0001EL Superficie Catastro: m2
Autor do Proxecto: José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto Colexiado 2564
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial
Dirección de Obra: José Luis Sanmiguel Guerreiro Arquitecto Colexiado 2564
Oficio de Dirección:
Dirección de Execución:
Oficio Direc. Execución:
Exposición pública: BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 13.837,28 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 TRLS/2008 (RD Lex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 13 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia
- 14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
 - 16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 16.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012
- 17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Ramón Rey Rozados, presentada con R.E. 2952 de 26.XUÑ.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro e xustificante de pago de taxas municipais.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:



INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo urbano, Ordenanza 2. Preténdese a execución da envolvente da planta primeira sen uso determinado. Enténdese que a intervención pretendida mellora o aspecto urbano do entorno no que se empra.

5. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

6. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade, a priori vinculada ao uso residencial, é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como residencial: "ART. 18. -- Residencial o de Vivienda.- Vivienda agrupada en edificios contiguos.

7. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. Non consta na documentación a certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

12. Instalación de guindastres- torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres- torre e similares, deberáse aportar a seguinte documentación:

12.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Incluirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

12.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

12.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

12.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

12.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

12.4.2 Característica do guindastre- torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

12.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre-torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

12.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

13. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, *Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.*

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións deste informe técnico.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 15 de outubro de 2015.- Asinado: Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA

PRIMEIRO: a concesión da licenza de obra solicitada por por F *R.R.R.* para execución de cuberta de edificio na Rúa Venezuela, nº 56, Silleda.

Prazos para o inicio e terminación das obras: Non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no intre de concesión da prórroga.

SEGUNDO. Será requisito indispensable dispoñer xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

TERCERO. A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.



CUARTO. Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

QUINTO. Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da urisdicción contencioso administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida urisdicc calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

8.2. **S.B.F.** z. Segregación e agrupación de parcelas no Lugar de Rosedo, Dornelas.

Vista a solicitude de licenza, presentada por **S.B.F.** Rexistro de Entrada nº 3878 de data 19 de agosto de 2015, para segregación e agrupación de parcelas no Lugar de Rosedo, Dornelas.

Visto o informe emitido o 6 de outubro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*Solicitante: **S.B.F.**
Data de rexistro: 19.AGO.2015 Nº: 3878 Data escrito: 19.AGO.2015
Solicitude: Segregación e agrupación de parcelas
Tipo de Solicitude: Obra Maior
Emprazamento: Lugar de Rosedo, Dornelas
Referencia catastral: 36052P509010190000DI e 36052P509010180000DX
Autor do Proxecto: José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto Colexiado 2564 COAG
Proxecto: Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 TRLS/2008 (RD Lex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

- 13 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia
- 14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
- 16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 16.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 16.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 16.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 16.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado inicialmente o 18/12/2012
- 17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósanse para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Sergio Beis Fernández, presentada con R.E. 3878 de 19.AGO.2015. Aporta de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto colegiado 2564 COAG e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 16.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a , está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

5. Consonte á normativa vixente, o artigo 206.1 da LOUGA prohibe a segregación de predios con carácter xeral. Establece, porén, a excepción seguinte "Tamén poderá autorizarse, coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, a segregación e simultánea agregación en unidade de acto." O planeamento vixente, segundo a disposición transitoria primeira clasifica este solo como rústico de protección ordinaria, como xa se dixo, e polo tanto sería viable; sen prexuízo de que o aprobado inicialmente o clasifica como protección agropecuaria. En todo caso, como se indicou no punto 2 dos antecedentes deste informe, unha



vez rematada a suspensión de licenzas, enténdese que o planeamento en vigor é o PXOM de 1981, polo que se considera viable esta agrupación- segregación.

6. A parcela matriz "A", de 2.940 m² está edificada. Esta parcela pasa a ter un tamaño superior fruto desta agrupación- segregación, pasando a ter 3.260 m² no proxecto de segregación e agrupación. Canto á parcela matriz "B", cede 320 m², polo que pasa de ter 5.520 m² a 5.200 m² despois da agrupación- segregación.

7. As parcelas obxecto de agrupación- segregación atópanse dentro do ámbito da Concentración parcelaria de Cira- Dornelas, polígono 9, parcelas 1018 e 1019 dos planos do acordo, que se insiren neste informe. Deberase estar ao disposto na Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, no relativo a segregacións. Artigo 52:

"Non será válida a división ou segregación de terreos de substitución, salvo nos seguintes casos:

a) Cando se trate de disposicións en favor de propietarios de terreos lindantes, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, tanto o terreo que se divide ou segrega coma a lindante non resulten de extensión inferior á unidade mínima de cultivo a que se refire o artigo 3.1.b).

b) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos.

c) Se se produce por causa de expropiación forzosa."

7.1 Neste sentido, o artigo 3.1. b establece o seguinte:

1. O decreto de concentración parcelaria determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade coa necesidade de que as terras cultivables non queden abandonadas, polo que o titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario está obrigado a:

a) (...)

b) Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións sinaladas no artigo 52.

Para este efecto, a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de agricultura, ó aproba-lo acordo, ditará, oída a xunta local de zona, resolución motivada, na que sinalará a unidade mínima de cultivo para a zona, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de produción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona, e que en ningún caso será inferior ás unidades mínimas de cultivo establecidas pola Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 23 da Lei estatal, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

8. Canto á superficie mínima de cultivo, o Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, para o Concello de Silleda, 0,30 hA a sequeiro e 0,20 hA para regadío.

9. Á vista da documentación aportada, ámbalas dúas parcelas resultantes dan cumprimento coa superficie mínima de cultivo para este ámbito (Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que remite o artigo 206 LOUGA). As superficies das parcelas matrices e resultantes son as seguintes:

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística

vixente, o planeamento de 1981, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenzas municipais de segregación e agrupación de parcelas.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do técnico que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 6 de outubro de 2015.- Asinado: Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

PRIMEIRO.- A concesión da licenza de obra solicitada por **S.P.F.** para segregación e agrupación de parcelas no Lugar de Rosedo, Dornelas.

SEGUNDO.- A presente licenza outórgase agás dereito de propiedade e ser perxuízo de terceiro, non podendo ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que poida incorrer o seu beneficiario no exercizo da autoridade autorizada.

TERCEIRO.- Contra o acordo de segregación e simultánea agrupación, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

8.3.- UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN. L.M.T. Nova saída Silleda- Boqueixón na Parroquia de Cira, Silleda.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Fernando Val López, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, Rexistro de Entrada nº 302 de data 23 de xaneiro de 2014, para L.M.T. Nova saída Silleda- Boqueixón na Parroquia de Cira, Silleda.

Visto o informe emitido o 13 de outubro de 2015 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

*Solicitante: Val López, Fernando, e.r. UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN
Data de rexistro: 23.XAN.2014 Nº: 302 Data escrito: 15.XAN.2014
Solicitude: L.M.T. Nova saída Silleda- Boqueixón
Tipo de Solicitude: Obra Maior



Emprazamento: Parroquia de Cira, Silleda
Referencia catastral: n/d
Autor do Proxecto: Burkard Hecht Elorduy, enxeñeiro industrial colexiado COIIG 2633
Proxecto: Básico e de execución. Modificado. Visado polo Colexio Oficial o 22/11/2013, nº 20132354
Dirección de Obra: n/d
Oficio de Dirección:
Dirección de Execución: n/d
Oficio Direc. Execución:
Exposición pública: BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 122.177,59 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 2 Ley 8/2013, de 26 de junio, de rehabilitación, regeneración y renovación urbanas.
- 3 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 4 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.
- 5 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 6 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 7 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.
- 8 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 9 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 10 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 11 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 12 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
- 14 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 15 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 16 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 17 Planeamento do Concello de Silleda
- 17.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 17.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 17.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 17.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 17.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 17.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 17.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 17.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 17.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 17.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 17.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 17.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 17.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Inicialmente o 18/12/2012
- 18 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Val López, Fernando, e.r. UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, presentada con R.E. 302 de 23.XAN.2014. Aporta de proxecto técnico asinado por Burkard Hecht Elorduy, enxeñeiro industrial colexiado COIIG 2633 e xustificante de pago de taxas

municipais. Aporta copia das seguintes autorizacións administrativas:

SAÍDA nº	SAÍDA DÍA	ASUNTO
2015008900	08.ABR.2015	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Autorización da Deputación de Pontevedra pra cruces de carretera fresando e repoiendo coas mesmas condicións á existentes alo menos 5 metros a cada lado da calzada.
125729/ RX 1184587	05.FEB.2014	XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS Informe sobre autorización para instalación da LMT NOVA SAÍDA SILLEDA- BOQUEIXÓN (nº SGD: 534309040001), que afecta á Rede Natura 2000 debido ao cruce có río Ulla, nos concellos de Silleda e Boqueixón
74	14.FEB.2014	ADIF Solicitud de autorización de obra proyectada: Modificado LMT NOVA SAÍDA SILLEDA- BOQUEIXÓN (nº SGD 534309040001) cruzamiento aéreo línea férrea Zamora-A Coruña (P.K. 347/982) y por el mismo punto kilométrico con una cnalización subterránea. Aporta notificación de innecesariedade de autorización por parte deste organismo.
11907/ RX 150933	09.FEB.2015	DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA Resolución do 5 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se autoriza administrativamente, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación de distribución de enerxía eléctrica denominada LMT NOVA SAÍDA SILLEDA-BOQUEIXÓN. Situada nos termos municipais de Silleda (Poontevedra e Boqueixón (A Coruña) e promovida por Unión Fenosa Distribución S.A. (expediente: IN 407A 2013/270-4). (COPIA ENVIADA A UNIÓN FENOSA)
		AUGAS DE GALICIA Autorización de obras de instalación de liña de media tensión aérea sobre o dominio público hidráulico e na zona de policía do Río Ulla, no lugar de Carballeira, parroquia de Cira, no Concello de Silleda, asinada o 15 de xullo de 2011. (Clave DH.W36.17438)

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o



seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 195.2 LOUGA:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado inicialmente, e que se relaciona no punto 17.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a, no seu tramo aéreo, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, de infraestruturas, de protección forestal, de protección ordinaria, solo rústico de protección das augas e solo rústico de protección de espazos naturais. Pola súa parte, o tramo proxectado como soterrado atravesa solos rústicos de protección ordinaria e de protección agropecuaria, solo de núcleo rural común e solo de núcleo rural histórico-tradicional.

5. O uso solicitado encadra dentro do artigo 33.2.f) da LOUGA e sería autorizable por licenza municipal directa segundó o artigo 36, salvo mellor criterio.

6. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

7. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

8. Instalación de guindastres-torre. Para a solicitude de autorización de instalación de guindastres-torre e similares, deberase aportar a seguinte documentación:

8.1 Memoria descritiva da instalación e planos de situación e emprazamento acoutados a escala suficiente para comprobar a situación real dos elementos da instalación e o estado da vía pública. Inclúirase informe das condicións portantes do terreo baixo a grúa asinado polo técnico director da obra.

8.2 Xustificante da existencia de seguro de responsabilidade civil por parte da empresa instaladora que cubra o risco correspondente (fotocopia póliza de risco).

8.3 Certificado de homologación (ou no seu caso fabricación) ou inspección técnica do guindastre.

8.4 Certificados de montaxe do guindastre que se pronuncie sobre, polo menos, estes aspectos:

8.4.1 Datos da obra e instalación: situación (rúa/ lugar, número e poboación e referencia catastral da parcela), propietario do guindastre, (nome, DNI/NIF e nome e DNI do Xefe de Obra).

8.4.2 Característica do guindastre-torre: marca, tipo, ano de fabricación e número de fabricación.

8.4.3 Certificación do director dos traballos de montaxe e instalación, de que o guindastre-torre cumpre coas disposicións legais vixentes que lle son de aplicación.

8.4.4 Certificado do director dos traballos de montaxe e instalación do correcto

funcionamento do guindastre e dos seus dispositivos de seguridade.

9. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, *Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:*

9.1 *Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.*

9.1.1 *O promotor das obras aporta copia de Informe sobre autorización para instalación da LMT NOVA SAÍDA SILLEDA- BOQUEIXÓN (nº SGD: 534309040001), que afecta á Rede Natura 2000 debido ao cruce co río Ulla, nos concellos de Silleda e Boqueixón emitido pola Xefatura Territorial Da Consellería De Medio Ambiente, Territorio E Infraestruturas con rexistro de saída 125729/ RX 1184587 do día 5 de febreiro de 2014.*

9.2 *Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra.*

9.2.1 *Aporta copia de Autorización da Deputación de Pontevedra pra cruces de carretera fresando e repoñendo coas mesmas condicións á existentes alo menos 5 metros a cada lado da calzada, emitida pola Deputación de Pontevedra con rexistro de saída 2015008900 do 8 de abril de 2015.*

9.3 *Augas de Galicia, demarcación Galicia Centro.*

9.3.1 *Aporta autorización de obras de instalación de liña de media tensión aérea sobre o dominio público hidráulico e na zona de policía do Río Ulla, no ligar de Carballeira, parroquia de Cira, no Concello de Silleda, asinada o 15 de xullo de 2011. (Clave DH.W36.17438)*

9.4 *Dirección General de Ferrocarriles.*

9.4.1 *Aporta notificación de innecesariedade de autorización por parte deste organismo.*

9.5 *Dirección Xeral De Enerxía E Minas Da Consellería De Economía E Industria. Por outra parte, tivo lugar entrada (nº 657 de 13 de febreiro de 2015) da Resolución do 5 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se autoriza administrativamente, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación de distribución de enerxía eléctrica denominada LMT NOVA SAÍDA SILLEDA- BOQUEIXÓN. Situada nos termos municipais de Silleda (Pontevedra e Boqueixón (A Coruña) e promovida por Unión Fenosa Distribución S.A. (expediente: IN 407A 2013/270-4), emitida con rexistro de saída 11916/ RX 150955 de 9 de febreiro de 2015.*

10. *Estímase conveniente constituír aval en concepto de reposición de elementos públicos que puideran resultar danados polas obras que se pretenden, por valor estimado de 32.000,00€.*

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 9 deste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:



1. *Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras.*

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, a 13 de outubro de 2015.- Asinado: Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros,

ACORDA

PRIMEIRO: A concesión da licenza de obra solicitada por Fernando Val López, en representación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, para L.M.T. Nova saída Silleda-Boqueixón na Parroquia de Cira, Silleda.

Prazos para o inicio e terminación das obras: Non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no intre de concesión da prórroga.

SEGUNDO. Será requisito indispensable dispoñer xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

TERCERO. A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen perxuício de terceiros.



CUARTO. Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

QUINTO. Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8

e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as trece horas e vinte e cinco minutos, estendéndose a presente acta, do que dou fe e certifico, na miña condición de fedatario público.

Silleda, a 20 de Outubro de 2015


O SECRETARIO

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga